

DON RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS, con DNI nº 33.258.664-C, en calidade de Secretario Xeral da Federación Galega de Caza, da que é Presidente Don Javier Nogueira Diz. -----

CERTIFICA:

Que segundo segundo os datos obrantes no seu poder, na asemblea xeral da FGC celebrada o 22-6-2018, aprobouse por unanimidade a Memoria de Actividades do ano 2017, conforme consta no documento.

E para que así conste, expide a presente certificación en Santiago de Compostela, a vinte e oito de xuño de dous mil dezaioito.

Vº Bº

O PRESIDENTE,



Asdo.: Javier Nogueira Diz

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Ramón Rodríguez Cobas



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegadecaza.com



Memoria de Actividades

2017

ÍNDICE

	Pág.
FUNCIÓNS, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC	1-3
1. Funcións e competencias	1
2. Órganos de goberno	2
2.1. Órganos de goberno da FGC.	2
2.2 Xunta Directiva.	2
3. Organización Territorial	3
RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS	4-14
1. Cazadores e federados	4
1.1 Clases de licenzas de caza, e idade do cazador galego	5
a) Clases e tipos de licenzas de caza	5
b) Idade do cazador galego	6
1.2 Federados: tipo de federativa, siniestralidade e ranking	7
a) Tipo de licenza federativa e provincia	7
b) Siniestralidade entre os federados	9
c) Ranking de federados a nivel autonómico e nacional	11
d) Ranking Mutuasport	13
1.3 Evolucións dos cazadores e federados	13
1.4 Migración dos cazadores galegos a outras CCAA	14
a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías	14
ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES	16-20
1. Sociedades de caza federadas	16
2. Tecores e explotacións cinexéticas	17
2.1 Terreos cinexéticos ordenados (tecores).	18
2.2 Explotacións cinexéticas comerciais.	19
2.3 Superficie cinexética	19
2.4 Relación entre os tecores e os municipios.	20
A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA	21-26
1. Situación da caza maior: tempada 2016-2017	21
2. Evolución dos cupos e capturas de caza maior, período 2011-2017	23
3. Siniestralidade producida polos animais cinexéticos, e seguros tecor.	24
3.1 Accidentes de circulación 2017.	24
3.2 Evolución dos accidentes de circulación, período 2010-2017.	24
3.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor e a siniestralidade.	25
4. Situación do paspallás.	26
A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA	27-31
1. Calendario 2017	27
1.1 Campionato de España de Percorridos de Caza	29
2. Resultados	29
2.1 Medalleiro	29
2.2 Podio da Selección Galega	29
3. Área técnica	31

ÍNDICE

FORMACIÓN	32-35
1. Curso de Formación de Xuíces de Agility	32
2. Cursos de Prevención da Siniestralidade (Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios), e Cursos de Formación de Responsables de Sociedades	32
2.1 Temario	33
a) Contidos	33
b) Coordinadores e Relatores	34
c) Calendario	35
A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA	38-39
1. Tipo de asesoramento	38
2. Evolución das xestións xurídica, período 2013-2017.	39
AS EMISORAS COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE	40-41
1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito	40
2. Evolución de licenzas de uso de emisoras, período 2014-2017	41
O CLUB DE DESCONTOS, EXCLUSIVO DE FEDERADOS	42-43
1. Tipo de establecementos que ofrecen descontos aos federados.	42
2. Evolución do club de descontos, período 2012-2017	43
A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS	44-49
1. Páxina web: www.federaciongalegadecaza.com	44
1.1 As redes sociais dosifican as visitas á web.	45
1.2 O móbil, principal dispositivo	45
1.3 As principais poboacións galegas, orixe das visitas.	46
1.4 Google segue a ser o referente nas visitas.	46
1.5 Seguros e emisoras, os termos máis buscados	47
1.6 Certificado SSL	48
2. Revista “Galicia Cinexética”	48
3. Programas especializados outros medios de comunicación.	49
A XUVENTUDE POLA CAZA	50-54
1. Encontro das Xuventudes pola Caza	50
1.1 Cursos de iniciación, exhibicións, e práctica das diferentes disciplinas deportivas	51
1.2 Charlas e Conferencias	53
2. Participación das Xuventudes noutras actividades	54
AXENDA: COMPETICIÓNS, REUNIÓN E ACTIVIDADES	55-60
1. Reunións institucionais	55
2. Foros, Conferencias, Xornadas e outras actividades	57
3. Galas e entrega de premios	60
ANEXOS	
Anexo 1: Palmarés e calendario deportivo	

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2018

FUNCIÓNS, COMPETENCIAS, E ORGANIZACIÓN DA FGC

1. Funcións e competencias.

A Federación Galega de Caza (en diante FGC) é unha entidade deportiva que agrupa aos deportistas (cazadores), e ás sociedades ou asociacións dedicadas á práctica do deporte da caza ou de actividades que con ela se relacionen, e que ademais das competencias que lle son propias **exerce, por delegación, funcións públicas de carácter administrativo, actuando como axente colaborador da Administración Pública.**

Competencias propias


(Art. 9 dos Estatutos da FGC
aprobados por Resolución da
Secretaría Xeral para o
Deporte do 27-1-2016)



Son competencias e fins da FGC, entoroutos:

- Asesorar a toda clase de entidades públicas ou privadas en canto signifiquen un perfeccionamento na práctica da caza.
- Realizar cantas actividades estean encamiñadas á salvagarda e melloramento do medio natural, incremento da fauna e respecto polos cultivos agrícolas. Asemade a FGC poderá prestar a súa colaboración a cantos fins considere convenientes por afinidade do seu cometido e sen ánimo de lucro.
- Fomentar a educación e formación dos cazadores e gardería, a difusión da deportividade cinexética e normas que a regulan, contribuíndo ao incremento da fauna e flora autóctonas e á prevención e represión da caza furtiva.
- Desenvolver iniciativa no campo da ecoloxía dirixidas á defensa do medio natural.
- Coidar e defender ante a opinión pública e institucións de carácter privado ou público a figura do cazador como amante e colaborador do medio ambiente e da natureza.
- Promover cantas accións considere convenientes ou necesarias para a defensa tanto da caza como dos lexítimos intereses dos cazadores e das sociedades federadas.
- Representar aos seus afiliados ante centros ou organismos galegos, estatais e internacionais, relacionados co deporte da caza, así como propor a ditos órganos as medidas convenientes para a conservación das especies silvestres e para a defensa dos lexítimos intereses dos cazadores.
- Fomentar, ordenar e inspeccionar as actividades deportivas cinexéticas en todo o territorio da Comunidade Autónoma Galega, así como controlar o desenvolvemento deportivo das asociacións de cazadores e dos seus afiliados.
- Organizar e dirixir, técnica e administrativamente, a actividade da caza, por si ou polos seus órganos de xestión ou organismos dependentes, cantas especialidades de competición se relacionan co deporte da caza ou coa súa simple práctica, en todo tipo de competicións que se desenvolvan no ámbito e competencias da FGC, coadxuvando a que a maior deportividade e corrección impere nas súas actuacións.
- Fomentar a actividade cinexética e a práctica do deporte da caza, a través de actividades dirixidas á xuventude, favorecendo e promovendo a súa participación nos diferentes órganos da FGC.

A FGC é o único órgano lexitimado para representar en materia de caza á Comunidade Autónoma Galega na esfera das súas competencias, e poderá afiliarse e/ou colaborar con outras entidades cinxéticas estatais ou internacionais.



2. Órganos de goberno da FGC.

2.1 Órganos da FGC.

A FGC conforme ao establecido no art. 16 dos seus estatutos estrutúrase nos seguintes órganos:

a) Órganos de goberno e representación:

Asemblea xeral.
Comisión delegada da asemblea.
Presidente.

b) Órganos complementarios dos de goberno e de representación da FGC:

Xunta directiva.
Comisión executiva.
Secretario xeral.
Tesoureiro.

c) Órganos técnicos e asesores da FGC:

Comité de disciplina deportiva.
Comité de xuíces e árbitros.
Comisión de xuventudes.
Comisión de competicións.
Comité de mediación, conciliación e arbitraje

2.2 Xunta Directiva.

O Presidente da FGC foi proclamado pola Xunta Electoral con data 27-12-2014, e con data 21-1-2015 designou a súa xunta directiva, conformada do xeito seguinte:

PRESIDENTE:

JAVIER NOGUEIRA DIZ

VICEPRESIDENTE:

JOSÉ LUIS VALCÁRCEL YÁÑEZ

DELEGADOS PROVINCIAIS:

Presidente Provincial A Coruña:

MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente Provincial Lugo:

FRANCISCO LÓPEZ PENELA

Presidente Provincial Ourense:

ANTONIO GARCÍA REINOSO

Presidente Provincial Pontevedra:

FRANCISCO COUSELO CASTIÑEIRA

SECRETARIO XERAL:

RAMÓN RODRÍGUEZ COBAS

TESOUREIRO:

ABEL ANDRÉS OTERO

VOGAIS:

JUAN ANGEL ALONSO PÉREZ

MANUEL FEIJOO CASTRO


JOSÉ MANUEL VIDAL LAMELA

JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

EMILIO BOLAÑO PAMPÍN

3. Organización territorial.

A FGC estrutúrase territorialmente, de acordo coas súas características propias e co desenvolvemento deportivo, nas federacións provinciais seguintes: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.



Durante o ano 2017 celebráronse eleccións a Presidentes Provinciais, resultando reeleixidos **Francisco Couselo Castiñeira por Pontevedra, e Antonio García Reinoso por Ourense**. No momento de pecharse esta *memoria* as provincias de A Coruña e Lugo estaban en pleno proceso electoral, que culminarían no mes de xaneiro do 2018 coa proclamación, por parte da xunta electoral, de **José María Álvarez Villar** como Presidente Provincial da Coruña, e **Francisco López Penela** como Presidente Provincial de Lugo.

RELACIÓN ENTRE CAZADORES E FEDERADOS

1. Cazadores e federados.

Segundo a tendencia dos últimos anos, o número de licenzas administrativas de caza que autorizan para a práctica da actividade en Galicia segue a decrecer. Durante o ano 2017 **deixaron de practicar esta actividade máis de 2.000 cazadores, no mesmo período Galicia perdeu máis de 10.400 habitantes**. Pola contra o número de federados aumenta no mesmo período en 32 licenzas, situándose a **taxa de cazadores federados actualmente en preto do 50%**.

A provincia na que máis descende o número de cazadores é Ourense, con 607 cazadores menos que no 2016, e a que menos Pontevedra (409 cazadores menos), pola contra sube o número de cazadores foráneos que se desprazan a cazar a Galicia (53 máis que no 2016).

En canto á proporción entre cazadores e federados, Lugo é a provincia con maior número de cazadores federados, máis do 58%; e a que menos Ourense co 23% (táboa 1 e 2).

Provincia	Licenzas Caza 2017	Licenzas Caza 2016	D ^a	%
CORUÑA	13.330	13.901	-571	-4,11
LUGO	9.365	9.828	-463	-4,71
OURENSE	8.205	8.812	-607	-6,89
PONTEVEDRA	10.309	10.718	-409	-3,82
Bcos (fóra CCAA)	1.198	1.145	53	4,63
Total Licenzas de Caza	42.407	44.404	-1997	-4,50
TOTAL CAZADORES GALEGOS (excluíndo licenzas foráneos emitidas en Bcos)	41.209	43.259	-2050	-4,74

Táboa 1: Licenzas de caza por provincias (anos 2016 e 2017)

Provincia	Licenzas Caza 2017	Federados 2017	% cazadores federados
CORUÑA	13.330	6.860	51,46
LUGO	9.365	5.457	58,27
OURENSE	8.205	1.880	22,91
PONTEVEDRA	10.309	5.491	53,26
Bcos (fóra CCAA)	1.198		
Total Licenzas Caza	42.407	19.688	46,43
TOTAL CAZADORES GALEGOS (excluíndo licenzas foráneos emitidas en Bcos)	41.209	19.688	47,78

Táboa 2: Comparación licenzas e federados por provincias (ano 2017)

1.1 Clases de licenzas de caza, e idade do cazador galego.

a) Clases e tipos de licenzas de caza.

De cada 10 cazadores máis de 9 cazan con armas mentres que con cans, arco ou cetraría, fano algo máis de 1 de cada 10, sen embargo ao examinar a evolución por tipo de licenza obsérvase que as licenzas para cazar con armas son tamén as que máis descenden mentres que nas de cans, cetraría e arco notáse unha tendencia ascendente durante últimos anos (táboa 3 e 4).

Tipo Lic	CLASE LICENZA	PROVINCIAS					TOTAL	% Clase Lic.	% Tipo Lic.
		CO	LU	OU	PO	BCOS (fóra CCAA)			
Armas Fogo	A1 Armas fogo Anual (+18 e -65 anos)	9.529	6.445	5.603	7.331	797	29.705	70,05	98,53%
	A2 Armas fogo Anual (-18 e +65 anos)	3.424	2.285	2.406	2.473	325	10.913	25,73	
	A3 Armas fogo Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	0	0	0		
	A4 Armas fogo por 1 mes (+18 e -65 anos)	20	116	12	114	32	294	0,69	
	A5 Armas fogo por 1 mes (-18 e +65 anos)	7	25	2	41	2	77	0,18	
	A6 Armas fogo por 1 mes (Estranxeiros non CE)						0		
	I-1 (Interautonómica)	187	254	144	185	26	796	1,88	
Cans, Cetraría e Arco	B1 Cans, Cetraría e Arco Anual (+18 e -65)	37	2	11	27	0	77	0,18	1,46%
	B2 Cans, Cetraría e Arco Anual (-18 e +65 anos)	6	1	1	1	0	9	0,02	
	B3 Cans, Cetraría e Arco Anual (estranxeiros non CE)	0	0	0	0	0	0		
	B4 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (+18 e -65)	76	177	16	104	10	383	0,90	
	B5 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (-18 e +65 anos)	42	56	3	30	6	137	0,32	
	B6 Cans, Cetraría e Arco por 1 mes (estranxeiros non CE)	1	3	6	2	0	12	0,03	
	C Rehala con fins de caza	1	1	1	1	0	4	0,69	
TOTAL		13.330	9.365	8.205	10.309	1.198	42.407		

Táboa 3: Tipo de licenzas de caza (ano 2017)

Tipo de licenza	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014
Armas de Fogo	41.785	44.034	45.846	46.492
Cans, cetraría e Arco	618	365	128	93
Outras	4	5	10	6
TOTAL	42.407	44.404	45.984	46.591

Táboa 4: Evolución das licenzas de caza segundo o tipo de licenza (período 2014-2017)

b) Idade do cazador galego.

O tramo de idade do cazador sitúase en máis de 18 e menos de 65 anos, pero **os menores de 18 e maiores de 65 xa superan a cuarta parte dos cazadores galegos**, pasando do 22% do ano 2014 ao 27% no ano 2017, mentres que os de máis de 18 e menos de 65 anos baixan do 78% ao 73% no mesmo período (táboa 5 e gráfico 1).

Tramo idade	Ano 2017	Ano 2016	Ano 2015	Ano 2014
Licenzas de -18 e + 65 anos	10.803	11.271	10.808	9.937
Licenzas de +18 e -65 anos	29.620	31.325	33.668	35.109
TOTAL	40.423	42.596	44.476	45.046
% Licenzas de -18 e +65 anos	26,72	26,46	24,30	22,06
% Licenzas de +18 e -65 anos	73,28	73,54	75,70	77,94

Táboa 5: Tramos de idade do cazador Galego ⁽¹⁾

⁽¹⁾ Non se computan as licenzas emitidas en Bcos fóra da CCAA, nin estranxeiros, nin interautonómicas



Gráfico 1: Porcentaxe tramos de idade do cazador por provincias (período 2014-2017)

Os datos confirman a tendencia dos últimos anos, amosándonos **un cazador galego cada vez máis maior, o que por outro lado ven a coincidir cos datos demográficos de Galicia (táboa 6)** que poñen de manifesto ano tras ano unha poboación máis envellecida (na actualidade unha cuarta parte dos habitantes da CCAA superan os 65 anos).

	Total poboación	(+) 65 anos	(+) 100 anos	% + 65 anos	% + 100 anos	Perda poboación respecto a 2016
Coruña	1.120.109	269.748	383	24,08	0,03	-2.341
Lugo	332.344	95.415	239	28,71	0,07	-2.521
Ourense	309.986	96.002	249	30,97	0,08	-2.941
Pontevedra	941.224	206.016	392	21,89	0,04	-2.618
TOTAL	2.703.663	667.181	1.263	24,68	0,05	-10.421

Táboa 6: Poboación de Galicia xullo do 2017 (Fonte: INE)

1.2. Federados: tipo de licenza federativa, siniestralidade e ranking

a) Tipo de licenza federativa e provincia

Durante o 2017, a FGC emitiu **19.688 licenzas federativas de ámbito autonómico**, que habilitou con carácter nacional tralo acordo de reintegración acadado entre o grupo F-8 e a Real Federación Española de Caza.

A licenza federativa é un seguro de accidentes que inclúe ademais da asistencia sanitaria outras moitas prestacións e servizos, e cubre ao seu titular tanto na práctica deportiva de calquera das disciplinas regulamentadas pola FGC como na propia actividade cinexética.

O **85% dos federados optaron por federarse a través do Documento Único (DU)** que ademais da tarxeta federativa leva implícito o seguro de RC do cazador (obligatorio+voluntario+defensa xurídica). Deles o 76% optaron polos seguros de maior cobertura (PR+S+Q), e 33 de cada 100 federados elixiron a modalidade **Premium** (gráfico 2 e 3).




Gráfico 2: Tipo de federados (ano 2017)




Gráfico 3: Federados DU, según tipo de produto (ano 2017)

A provincia que maior número de federados rexistrou foi A Coruña co 35% dos federados autonómicos, seguida de Pontevedra e Lugo co 28%, e por último Ourense co 10%.

Se comparamos o número de cazadores de cada provincia co número de federados da mesma, **todas as provincias, agás Ourense, superan o 50% dos cazadores federados no seu ámbito territorial.** A que maior proporción ten entre cazadores e federados, tal e como se reflectiu no **punto 1 anterior, é Lugo con 58%**; seguida de Pontevedra co 53%, Coruña co 51%, e finalmente Ourense co 23% (táboa 7 e gráfico 4).

	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEV	TOTAL	% Produto
P	1.061	1.071	318	504	2.954	15,00
J	22	16	2	14	54	0,27
N	1.427	284	387	1.721	3.819	19,40
Q	1.009	544	232	1.249	3.034	15,41
R	54	7	1	117	179	0,91
S	1.326	1.225	390	1.144	4.085	20,75
PR	1.961	2.310	550	742	5.563	28,26
Total Federados	6.860	5.457	1.880	5.491	19.688	
% Federados Provincia	34,84	27,72	9,55	27,89		

Táboa 7: Número de federados por provincia e por tipo de licenza federativa (ano 2017)




Gráfico 4: Porcentaxe de cazadores federados por provincia (ano 2017)

b) Sinistralidade entre os federados

O 100% dos cazadores federados dispoñen de seguro de accidentes persoais como se puxo de manifesto nas páxinas anteriores, e preto de **9 de cada 10 federados** (255 cazadores máis que no ano anterior) **teñen concertado, a través da FGC, o Seguro de Responsabilidade Civil do Caza con Mutuasport** (táboa 8).

É significativo tamén o número de cans que durante o 2017 tiñan asegurada a súa Responsabilidade Civil ao longo dos 365 días do ano, un total de **12.709 cans, 2.965 cans máis que na tempada anterior**, principalmente a través dos *Anexos con Franquicia* e dos *Anexos do DU Premium*.

Provincia	Federados	Federados con DU RC Cazador	Nº Cans asegurados	% Federados RC Cazador
CORUÑA	6860	5799	4704	84,53
LUGO	5457	4386	4445	80,37
OURENSE	1880	1562	1922	83,09
PONTEVEDRA	5491	4987	1638	90,82
TOTAL	19688	16734	12709	85,00

Táboa 8: Federados e asegurados con RC (ano 2017)

Durante o 2017 rexistráronse en Galicia **148 accidentes -producidos ou sufridos por cazadores federados-** (46 máis que na tempada anterior), dos que 63 corresponden a sinistros de danos propios e 85 a responsabilidade civil do cazador.

Se comparamos o número de accidentes de danos persoais co número de federados, obsérvase que o **índice de siniestralidade en Danos Propios foi de 3 sinistros por cada 1000 federados**, mentres que en **Responsabilidade Civil foi de 5 accidentes por cada 1000 asegurados** (táboa 9).

Provincia	Federados	Accidentes DP	%	Asegurados RC	Accidentes RC	%
CORUÑA	6860	25	0,36	5799	35	0,60
LUGO	5457	17	0,31	4386	17	0,39
OURENSE	1880	2	0,11	1562	15	0,96
PONTEVEDRA	5491	19	0,35	4987	18	0,36
TOTAL	19688	63	0,32	16734	85	0,51

Táboa 9: Índice de siniestralidade (ano 2017)

✓ Tipo de lesións

Os danos máis comúns sufridos polos federados foron as lesións nas extremidades e os danos a escopetas, mentres que en RC foron os danos materiais ou danos a animais e cousas maioritariamente danos producidos polos cans en accidentes de circulación (táboa 10).

Tipo de lesión	Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total	
	Accidente (DP)	RC Cazador	Accidente (DP)	RC Cazador	Accidente (DP)	RC Cazador	Accidente (DP)	RC Cazador	Accidente (DP)	RC Cazador
Falecidos accidente caza									0	0
Falecidos causas naturais									0	0
Falecidos in itinere									0	0
Gran Invalidez									0	0
Invalidez			1						1	0
Lesións extremidades	13		9		1	2	12		35	2
Lesións cara, cabeza, boca	1								1	0
Lesións ollos e oídos	1		1					2	2	2
Lesións torax e espalda	2		1				1		4	0
Feridas múltiples e policontusións		3		1			1	1	1	5
Outras	5		3				1		9	0
Danos a Escopetas	3		2		1		4		10	0
Danos a cans		3		3				1	0	7
Danos materiais, animais ou cousas		29		13		13		14	0	69
TOTAL	25	35	17	17	2	15	19	18	63	85

Táboa 10: Número de sinistros por tipo de cobertura e diagnose das lesións (ano 2017)

✓ *Evolución dos accidentes entre os federados*

Nos últimos oito anos a media de sinistros en *Danos Propios* sitúase en menos 3 accidentes por cada 1000 federados, mentres que no mesmo período a media en *Responsabilidade Civil* foi de 4 accidentes por cada 1000 asegurados (táboa 11).

	Número de sinistros								
	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	
Danos Propios (DP)	63	50	62	53	66	44	58	47	
Responsabilidade Civil (RC)	85	52	82	60	64	69	84	65	
	Tipo de danos asegurados								
	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	
Federados (DP)	19.686	19.656	19.961	20.049	20.160	21.018	21.479	21.242	
Asegurados (RC)	16.734	16.479	16.509	16.166	16.473	17.215	17.659	17.798	
	Índice siniestralidade entre federados								Media Sinistros
	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	
Danos Propios (D.P)	0,32	0,25	0,31	0,26	0,33	0,21	0,27	0,22	0,27
Responsabilidade Civil (R.C)	0,51	0,32	0,50	0,37	0,39	0,40	0,48	0,37	0,42

Taboa 11: Índice de siniestralidade 2010-2017

c) Ranking de federados a nivel autonómico e nacional

✓ *Ranking Deporte Galego*

A FGC mantense de 2ª no ranking do *Deporte Galego*, tanto no número de deportistas como de clubs federados, entre as 63 federacións deportivas galegas, por detrás de fútbol, segundo o Anuario de Estadísticas Deportivas 2017, publicado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, correspondentes a datos de deportistas e clubs federados durante o 2016 .

Do total de licenzas federativas rexistradas polas federacións deportivas galegas (224.570), o 44% corresponden ás federacións autonómicas de fútbol (28,27%), caza (8,75%), e baloncesto (6,82%), mentres que o 56% restante repártense entre 60 federacións deportivas distintas. En canto a clubs deportivos, os datos son semellantes, máis do 50% deles corresponden a fútbol (36,99%), caza (10,03%), e baloncesto (3,81%), o 49% restantes están afiliados ata en 60 federacións autonómicas galegas diferentes(táboa 12).

Federación	Licencias	Federación	Clubs
Fútbol	63.507	Fútbol	1.756
Caza	19.656	Caza	476
Baloncesto	15.326	Baloncesto	181
Golf	10.469	Ciclismo	265
Atletismo	9.996	Atletismo	124
Balónmán	8.994	Patinaxe	105
Judo	8.783	Axedrez	93
Ciclismo	7.149	Montaña	87
Surf	5.612	Tenis	85
Resto federacións (ate 63)	75.078	Resto federacións (ate 63)	1.575
Total Licencias	224.570	Total Licencias	4.747

Taboa 12: Ranking deportistas e clubs federados Deporte Galego (Anuario MECD 2017 datos ano 2016)

✓ *Ranking Deporte Nacional*

Segundo o Anuario do MECD, correspondente ao 2017, a Caza manteríase como 3ª deporte en número de deportistas federados a nivel estatal por detrás de fútbol e baloncesto, con máis do 9% do total de federados nacionais, e en 2º no apartado de clubs, só por detrás de fútbol, con preto do 10% do total de clubs nacionais, entre as 66 federacións deportivas españolas (táboa 13).

Federación	Licencias	Federación	Clubs
Fútbol	942.674	Fútbol	20.588
Baloncesto	347.017	Caza	6.295
Caza	332.130	Ciclismo	3.796
Golf	271.865	Baloncesto	3.488
Montaña e Escalada	222.556	Montaña e Escalada	2.631
Judo	104.932	Atletismo	1.528
Balónmano	95.037	Karate	1.458
Tenis	80.227	Patinaxe	1.402
Ciclismo	75.871	Pesca e Casting	1.369
Resto federacións (ate 63)	1.113.824	Resto federacións (ate 63)	23.449
Total Licencias	3.586.133	Total Licencias	66.004

Táboa 13: Raking deportistas federados a nivel nacional (Anuario MECD 2017 datos ano 2016)

d) *Ranking Mutuasport*

A FGC mantense de 4ª, entre as federacións que emiten a licenza federativa a través de Mutuasport, pero se debullamos os datos en función do tipo de licenza pasaría a ocupar o **3º posto na emisión de Documentos Únicos** entre as 9 federacións autonómicas (*táboa 14*).

Federación	P	N	Q	R	S	PRM	TOTAL
Andalucía	38758	26915	10784	1193	4654	7962	90.266
Cataluña	15270	41	2296	172	5750	16295	39.824
Aragón	12994	5224	1368	77	3399	2980	26.042
Galicia	2954	3819	3035	179	4140	5564	19.691
Extremadura	2944	11956	600	1013	347	307	17.167
C. León	4539	4673	2823	48	1454	2269	15.806
C. Mancha	6169	4592	1470	203	1698	787	14.919
Baleares	1741	1594	448	62	128	709	4.682
Navarra	1200	1205	283	18	646	522	3.874
Mutuasport	228	448	506	369	636	90	2.277
Total	86797	60467	23613	3334	22852	37485	234.548

Táboa 14: Federados Mutuasport (ano 2017)

1.3. *Evolucións dos cazadores e federados*

Desde o ano 1987 os cazadores galegos descenderon máis do 56%, pasando das 94.067 licenzas de caza daquel ano ás 42.407 do ano 2017. Este descenso, entroutros factores, foi debido en gran parte ao envellemento demográfico e á perda de poboación (entre os anos 1987 e 2017 o censo da Comunidade Autónoma de Galicia baixaba en máis de 70.000 habitantes). Sen embargo no mesmo período o número de federados medrou nun 45% (dos 8.756 federado do ano 1987 pasouse aos 19.688 do ano 2017).

Seguindo a tendencia que se ven mantendo ano tras ano desde o 2014, durante esta anualidade volveu a producirse a porcentaxe máis alta de cazadores federados, preto da metade dos cazadores galegos están na actualidade federados (*gráfico 5*).




Gráfico 5: Evolución dos cazadores e federados, período 1987-2017

1.4. Migración dos cazadores galegos a outras CCAA

Segundo o *Estudo sobre a Repercusión Económica e Social da Caza en Galicia*, elaborado pola FGC en colaboración coa USC durante o ano 2013, estímase que **arredor dun 27% dos cazadores galegos adoitan saír a caza fóra de Galicia**. Se extrapolamos a porcentaxe anterior ao número de cazadores actuais máis de 11.000 cazadores galegos practicarían a actividade cinexética fóra da CCAA.

Pola contra, se temos en conta as licenzas de caza de Galicia que se expiden a través das entidade bancarias fóra da CCAA (1198 licenzas no 2017), o saldo migratorio sería negativo, de **cada 100 cazadores galegos que saen fóra virían a Galicia pouco máis de 10 doutras CCAA**, sen embargo debemos ser cautelosos á hora de manexar estas cifras porque a implantación da Licenza Interautonómica que habilita para cazar en Galicia, Aragón, Asturias, Castela e León, Extremadura, Madrid, Valencia, e Murcia, podería modificar substancialmente as previsións anteriores.

a) Federados galegos que cazan noutras Autonomías

Segundo as licenzas de caza tramitadas desde a FGC para outras CCAA, **máis do 4% dos federados traspasaron as fronteiras galegas para cazar noutras Autonomías**, aos que habería que engadirlle outro número importante de federados que solicitan as licenzas directamente coas Comunidades Autónomas, a través de internet, ou a través doutros mediadores.

Como ven sendo habitual, os galegos desprázanse maioritariamente ás dúas Castelas, Andalucía, Madrid, Extremadura, Navarra e Cataluña, e arredor de **3 de cada 10 cazadores que tramitaron a licenza de caza a través da federación solicitaron a interautonómica**.

Os pontevedreses seguen a ser os que máis saen a cazar fóra de Galicia, preto do 54% das licenzas xestionadas desde a FGC corresponden a federados desa provincia (gráfico 6 e táboa 15).




Gráfico 6: Porcentaxe de licenzas xestionadas desde a FGC para outras CCAA (ano 2017)

	Coruña (+Sgto)	Lugo	Ourense	Pontevedra	TOTAL
CASTELA A MANCHA	99	51	43	196	389
CASTELA LEÓN	36	3	61	112	212
INTERAUTONÓMICAS	58	41	1	148	248
NAVARRA	0		1		1
ANDALUCIA	0			8	8
MADRID	4			4	8
EXTREMADURA	1	2	1	2	6
CATALUÑA	1				1
TOTAL	199	97	107	470	873
% Licencias xestionadas provincia:	22,79	11,11	12,26	53,84	

Táboa 15: Licenzas por CCAA e porcentaxe de tramitadas por provincia (ano 2017)

RELACIÓN ENTRE ENTIDADES DEPORTIVAS E TECORES

Durante o ano 2017 afiliáronse á FGC 10 novas entidades, e nese mesmo período causaron baixa 6 (2 por fusión, e 4 correspondentes a expedientes tramitados por impago en cumprimento do acordo da asemblea do ano 2014).

O ano pechouse con **478 entidades deportivas afiliadas**. Delas **398 xestionan o 84% dos tecores existentes na CCAA**, e as 80 restantes corresponden a entidades de paxariles, cetraría, arco, tiro, agility, field target, cans, peñas de caza, etc. (táboa 16).

	Entidades Federadas			Tecores		
	Entidades que non xestionan tecor	Entidades que xestionan tecor de titularidade propia ou compartida	Total Entidades Federadas	Tecores xestionados por entidades Federadas	Tecores xestionados por outras asociacións	Total Tecores
CORUÑA	25	114	139	111	13	124
LUGO	10	136	146	132	17	149
OURENSE	13	66	79	65	44	109
PONTEVEDRA	32	82	114	73	1	74
TOTAL	80	398	478	381	75	456

Táboa 16: Entidades e tecores por provincias (ano 2017)

1. Sociedades de caza federadas.

Ao examinar os datos de afiliacións de sociedades por provincias, obsérvase que **Lugo, co 31% (146 sociedades) é a provincia con maior número de entidades afiliadas**, e tamén a que conta con máis sociedades titulares de tecor, e na parte oposta, con menor número de asociacións federadas estaría Ourense co 16% (79) de sociedades (gráfico 7 e 8).




Gráfico 7: Porcentaxe de entidades afiliadas por provincia (ano 2017)




Gráfico 8: Tipo de entidades federadas, por provincia (ano 2017)

2. Tecores e explotacións cinexéticas.

No 2017 había na CCAA un total de **456 tecores xestionados por entidades sen ánimo de lucro, fronte a 28 explotacións cinexéticas comerciais** xestionadas por suxeitos ou empresas mercantís, confirmando que en Galicia o tipo de caza que se practica é a caza social (gráfico 9).




Gráfico 9: Tipo de terreos cinexéticos (ano 2017)

2.1 Terreos cinxéticos ordenados (tecores).

O 84% dos tecores están xestionados polas 398 entidades deportivas federadas, mentres que o 16% restante adminístranos outro tipo de asociacións de cazadores non federadas (gráfico 10).




Gráfico 10: Tcores xestionados por entidades federadas e por outro tipo de asociacións (ano 2017)

Se examinamos os datos por provincias, veremos que o 99% dos tecores de Pontevedra (73 de 74) están xestionados por entidades federadas; mentres que en Coruña estano o 90%; en Lugo o 89%, e en Ourense o 60% (gráfico 11).




Gráfico 11: Tcores xestionados por entidades federadas e outras asociacións, por provincias (ano 2017)

2.2 Explotacións cinexéticas comerciais.

Por **cada 100 tecores** hai **6 explotacións cinexéticas comerciais**, o que reflicte a escasa relevancia deste tipo de terreos cinexéticos en Galicia (táboa 17).

	Nº Explotacións
Coruña	5
Lugo	8
Ourense	7
Pontevedra	8
TOTAL	28


Táboa 17 Explotacións cinexéticas, por provincias (ano 2017)

2.3 Superficie cinexética.

Do total **da superficie do territorio galego o 90% está acoutado para a práctica da caza**, a través de tecores ou explotacións cinexéticas comerciais; dela **o 99,63% corresponde aos 456 tecores** mentres que as 28 explotacións cinexéticas apenas abranguen o 0,37% da superficie cinexética (imaxe 1 e 2).



Imaxe 1: Superficie cinexética respecto da superficie da CCAA (ano 2017)



Imaxe 2: Porcentaxe superficie tecores e explotacións (ano 2017)

Ao comparar a superficie cinexética correspondente aos terreos cinexéticamente ordenados por provincia, obsérvase que **Lugo é a provincia con maior superficie, máis do 35% do territorio cinexético de Galicia**, e no lado oposto estaría Pontevedra con pouco máis do 13% (táboa 18).

	Nº Tecores	Superficie Cinexética en has.	% Superficie acoutada por provincia
Coruña	124	705.723,93	26,64
Lugo	149	931.847,95	35,18
Ourense	109	659.479,88	24,90
Pontevedra	74	351.921,00	13,29
	456	2.648.972,76	

Táboa 18: Superficie cinexética dos tecores por provincia (ano 2017)

En canto ás explotacións cinexéticas comerciais, a provincia de Ourense é de maior superficie, e a de menos Lugo (táboa 19).

	Nº Explotacións	Superficie Cinexética en has.	% Superficie acoutada por provincia
Coruña	5	2.091,37	21,18
Lugo	8	2.007,00	20,32
Ourense	7	3.345,16	33,87
Pontevedra	8	2.432,90	24,63
	28	9.876,43	

Táboa 19: Superficie cinexética das explotacións cinexéticas, por provincia (ano 2017)

2.4 Relación entre os tecores e os municipios.

Ao cotexar o número de tecores co número de municipios existentes na CCAA, obsérvase a importancia da actividade cinexética tanto a nivel social como económico no ámbito municipal, con **preto de 2 tecores por municipio**, o que trasladado a outro tipo de deportes máis populares, sería o mesmo que dicir que tódolos concellos teñen máis de 1 *polideportivo* nos que practicar o deporte cinexético, mentres que Explotación Cinexéticas apenas hai 9 por cada 100 municipios (táboa 20).

	Municipios	Tecores	E. Deportivas	Explotacións	Media Tecor /Municipio	Media E. Deportivas /Municipio	Media Explotacións /Municipio
Coruña	93	124	139	5	1,33	1,49	0,05
Lugo	67	149	146	8	2,22	2,18	0,12
Ourense	92	109	79	7	1,18	0,86	0,08
Pontevedra	61	74	114	8	1,21	1,87	0,13
	313	456	478	28	1,46	1,53	0,09

Táboa 20: Media de tecores, sociedades e explotacións por municipio (ano 2017)

A CAZA COMO ACTIVIDADE CINEXÉTICA

Os cambios producidos no medio rural provocaron o crecemento desmedido do xabaril, raposo, e corzo, en detrimento doutras como a perdiz ou o coello que foron perdendo o seu hábitat e alimento, ao que se sumaron nos últimos tempos tamén as enfermidades, nas que o colectivo de cazadores leva anos traballando para tratar de mitigar os seus efectos.

Faise polo tanto necesaria a recuperación dos ecosistemas de determinadas especies, pero tamén a caza selectiva e controlada doutras para tentar acadar unha poboación sostible, adaptada á capacidade de cada territorio, que pola densidade actual das súas poboacións seguen a ocasionar importantes danos na agricultura, na gandería, na silvicultura, pero tamén na circulación viaria.

Neste apartado **analizaremos a caza maior, debullando os datos de cupos autorizados e capturas facilitados pola Consellería MOT**, así como a incidencia das poboacións cinexéticas nos accidentes de tráfico, e a súa repercusión nas sociedades de caza titulares de tecores que deben afrontar custosos seguros para cubrir a responsabilidade civil derivada dos accidentes de circulación orixinados pola fauna cinexética.

Non podemos analizar estatisticamente a situación da caza menor, por falta de datos oficiais tanto das poboacións como das capturas das distintas especies cinexéticas; sen embargo si **analizaremos neste apartado o aproveitamento do paspallás** nos tecores da antiga lago de Antela

1. Situación da caza maior: tempada 2016-2017

Durante a tempada 2016-2017, última da que se dispón de datos actualizados, autorizouse un **cupo total de 28.101 exemplares de caza maior do que se capturou o 72%, quedando un excedente de 7.874 animais.**

Se debullamos os datos por tipo de animal, obsérvase que **no caso do xabaril capturouse o 87% do cupo autorizado, no corzo o 48%, no cervo o 37%, na cabra montés capturouse un animal dos 13 autorizados, no rebezo 16 dos 18 autorizados, e no mufón non se cobrou ningún.**

En canto aos datos por provincias, a que maior cupo tiña dispoñible era Lugo con 10.683 animais (un 38% do cupo total autorizado para toda a CCAA) dos que cobrou o 69%, quedándolle un excedente de 3.294 animais; séguelle Ourense cun cupo de 10.490 animais dos que cobrou o 74% deixando un remanente de 2.756 animais; mentres que Coruña dispoñía de un cupo de 4.850 animais dos que cobrou preto do 74% deixando un sobranche de 1.287 especies; e Pontevedra con 2.078 animais autorizados cobrou máis do 74% quedándolle un excedente de 537 animais (*táboa 21, gráfico 12 e 13*).

	Xabaril		Corzo		Cervo		Mufón		Cabra Montés		Rebecho		Total		% Capturas s/cupo Provincia
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	
Coruña	2700,00	2227,00	2036,00	1257,00	114,00	79,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4850,00	3563,00	73,46
Lugo	6505,00	6147,00	4110,00	1215,00	50,00	11,00	0,00	0,00	0,00	0,00	18,00	16,00	10683,00	7389,00	69,17
Ourense	6412,00	5431,00	3735,00	2215,00	315,00	87,00	15,00	0,00	13,00	1,00	0,00	0,00	10490,00	7734,00	73,73
Pontevedra	1843,00	1378,00	235,00	163,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2078,00	1541,00	74,16
Total	17460,00	15183,00	10116,00	4850,00	479,00	177,00	15,00	0,00	13,00	1,00	18,00	16,00	28101,00	20227,00	71,98
% capturas s/cupo	86,96		47,94		36,95		0,00		7,69		88,89		71,98		

Táboa 21: Cupos e capturas de caza maior autorizados (tempada 2016-2017)




Gráfico 12: Cupos, capturas e remanente, por provincia (tempada 2016-2017)




Gráfico 13: Cupo, capturas e remanente por animal (tempada 2016-2017)

2. Evolución dos cupos e capturas de caza maior, período 2011-2017

Durante a tempada 2016-2017 **cobráronse no conxunto do cupo autorizado 2.567 animais menos que na tempada anterior**, pero se analizamos as últimas seis tempadas, observamos que nese período lévanse cobrado 88.996 xabaris, 39.846 corzos, e 1.078 cervos (táboa 22 e gráfico 14).

Evolución do xabarl:

	Tempada 2016-2017		Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos 6 tempadas	Total capturas 6 tempadas
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2.700	2.227	2.629	1.997	2.534	2.148	2.444	2.267	2.297	2.363	2.323	2.008	14.927	13.010
Lugo	6.505	6.147	6.077	6.350	6.767	5.246	6.512	5.673	6.064	5.732	5.997	5.596	37.922	34.744
Ourense	6.412	5.431	6.928	5.186	6.864	5.165	6.979	5.609	8.206	5.363	6.798	5.642	42.187	32.396
Pontevedra	1.843	1.378	1.923	1.317	1.962	1.282	2.004	1.494	2.024	1.757	1.924	1.618	11.680	8.846
Total	17.460	15.183	17.557	14.850	18.127	13.841	17.939	15.043	18.591	15.215	17.042	14.864	106.716	88.996

Evolución do corzo:

	Tempada 2016-2017		Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos 6 tempadas	Total capturas 6 tempadas
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	2.036	1.257	2.077	1.355	2.086	1.533	2.104	1.701	1.974	1.819	2.130	1.884	12.407	9.549
Lugo	4.110	1.215	5.356	3.877	4.954	2.015	5.187	2.329	4.740	3.167	4.957	3.273	29.304	15.876
Ourense	3.735	2.215	3.832	2.380	3.720	2.131	3.620	2.261	4.693	2.404	3.460	2.241	23.060	13.632
Pontevedra	235	163	207	108	231	127	193	121	169	120	170	150	1.205	789
Total	10.116	4.850	11.472	7.720	10.991	5.806	11.104	6.412	11.576	7.510	10.717	7.548	65.976	39.846

Evolución do cervo:

	Tempada 2016-2017		Tempada 2015-2016		Tempada 2014-2015		Tempada 2013-2014		Tempada 2012-2013		Tempada 2011-2012		Total cupos 6 tempadas	Total capturas 6 tempadas
	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas	Cupo	Capturas		
A Coruña	114	79	99	81	94	62	84	69	63	47	62	53	516	391
Lugo	50	11	31	15	34	13	46	20	37	10	29	9	227	78
Ourense	315	87	373	126	359	100	443	120	569	92	233	84	2292	609
Pontevedra	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total	479	177	503	222	487	175	573	209	669	149	324	146	3035	1078

Táboa 22: Cupos e capturas dos principais animais e provincia (período 2011-2017)




Gráfico 14: Evolución dos cupos e capturas (período 2011-2016)

3. Sinistralidade producida polos animais cinexéticos, e seguros tecor.

A pesar do extraordinario esforzo que realizan as sociedades de caza para controlar a alta densidade das especies de caza maior como se viu no apartado anterior, o seu censo estase a manter en cifras semellantes durante os últimos anos, e consecuentemente o número de sinistros producidos por estes animais segue incrementándose ano tras ano, como veremos a continuación.

3.1 Accidentes de circulación.

Segundo os datos da DGT correspondentes ao ano 2017, en Galicia **producíronse 4.000 accidentes de circulación provocados por animais**, un 17% máis de sinistros que no 2016.

O 79% dos accidentes orixinounos o xabaril e o corzo, con 2.253 e 901 accidentes, respectivamente, pero tamén hai que sinalar o raposo que produciu 100 accidentes, e o teixugo que orixinou 53. Cabe significar tamén o número de sinistros producidos por animais non cinexéticos (caninos, caprinos, equinos, felinos, ovinos e vacún) que este ano ocasionaron 667 accidentes fronte aos 14 do ano anterior.

As provincias do interior, Lugo e Ourense, mantendo a tendencia dos últimos anos, seguen a ser as que concentran a taxa máis alta de siniestrabilidade (*táboa 23*).

	Xabaril	Corzo	Cervo	Lobo	Raposo	Coello	Lebre	Aves	Teixugo	Outros animais	Animais non identificados	TOTAL	% provincia
CORUÑA	537	149	2	1	26	1	0	0	15	180		911	22,78
LUGO	835	385	0	2	35	1	2	1	26	145	2	1434	35,85
OURENSE	598	315	4	1	22	0	1	3	7	113		1064	26,60
PONTEVEDRA	283	52	2	0	17	2	0	0	5	229	1	591	14,78
TOTAL	2253	901	8	4	100	4	3	4	53	667	3	4000	
% especie	56,33	22,53	0,20	0,10	2,50	0,10	0,08	0,10	1,33	16,68	0,08		

Táboa 23: sinistros producidos polos animais, porcentaxe por animal e provincia(ano 2017)

3.2 Evolución dos accidentes de circulación, período 2010-2017.

Entre o ano 2010 e 2017, os accidentes de circulación producidos por animais practicamente duplicáronse, pasando dos 2.025 accidentes do ano 2010 aos 4.000 do ano 2017.

A media de sinistros no período 2010-2017 foi de 2.583 accidente/ano, e deles máis de 1.552 accidentes anuais foron provocados polo xabaril; e máis de 750 polo corzo.

As provincias do interior foron as que tiveron taxa media de sinistros máis alta, con máis de 1.015 accidentes/ano Lugo, e máis de 688 Ourense; mentres na que menos percances deste tipo se produciron foi en Pontevedra, cunha media de 307 accidentes/ano (*táboa 24*).

	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	Media accidentes / ano
CORUÑA	911	688	638	444	539	543	327	487	572,13
LUGO	1434	1248	1143	953	993	1030	549	771	1015,13
OURENSE	1064	1027	824	619	657	554	270	496	688,88
PONTEVEDRA	591	352	264	219	305	278	178	271	307,25
	4000	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2583,38

	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010	Media accidentes / ano
Xabaril	2253	2147	1797	1379	1464	1422	719	1237	1552,25
Corzo	901	910	860	717	788	751	482	592	750,13
Cervo	8	10	2	5	9	9	6	7	7,00
Lobo	4	6	7	9	0	0	0	0	3,25
Raposo	100	88	77	65	65	39	21	43	62,25
Coello	4	3	1	2	0	0	0	0	1,25
Lebre	3	1	3	3	0	0	0	0	1,25
Aves	4	4	4	3	0	0	0	0	1,88
Teixugo	53	52	43	45					24,13
Outros animais (**)	667	14	10	7	168	184	96	146	161,50
Non identificados	3	80	65	0	0	0	0	0	18,50
	4000	3315	2869	2235	2494	2405	1324	2025	2583,38

(**) Outros animais: Canino, caprino, equino, felino, ovino, vacuno, etc.

Táboa 24: Evolución dos accidentes producidos polos animais, por provincias e animal (período 2010-2017)

3.3 Seguros de responsabilidade civil de tecor e sinistralidade.

Na actualidade máis da metade dos tecores administrados por entidades de cazadores federadas teñen concertado o seguro de RC de Cotos con Mutuasport ou con outras aseguradoras a través da FGC.

Durante esta tempada a media de sinistros situouse en 0,60 accidentes por tecor. O maior número de accidentes orixinados pola fauna cinexética entre as sociedades de caza aseguradas a través da FGC sucederon nas provincias de Ourense e Lugo (táboa 25 e gráfico 15).

	Tecores xestionados por Sdades federadas	Tecores asegurados	% Tecores asegurados a través da FGC	Sinistros	Media Sinistros Tecor
CORUÑA	111	68	61,26	28	0,41
LUGO	132	82	62,12	67	0,82
OURENSE	65	17	26,15	23	1,35
PONTEVEDRA	73	40	54,79	6	0,15
TOTAL	381	207	54,33	124	0,60

Táboa 25: Porcentaxe de tecores asegurados, coa mediación da FGC, e de sinistros (ano 2017)




Gráfico 15: Tecores asegurados e sinistros (ano 2017)

Desde o ano 2011 os accidentes foron descendendo ata a actualidade, notándose no 2017 un lixeiro reponte, pero aínda así houbo **300 accidentes menos que no 2010** (táboa 26).

	2017	2016	2015	2014	2013	2012	2011	2010
Tecores asegurados	207	202	214	226	230	217	246	265
Sinistros	124	84	126	259	430	460	535	424
Media de sinistros p/tecor	0,60	0,42	0,59	1,15	1,87	2,12	2,17	1,60

Táboa 26: Media de sinistros por tecores asegurados a través da FGC (período 2010-2017)

4. Situación do Paspallás:

En relación ao aproveitamento do **paspallás nos tecores da antiga Lagoa de Antela**, na provincia de Ourense, durante a tempada 2016-2017 había un cupo de 15.000 aves, das que se capturaron 6.124, un 7% menos que na tempada anterior (gráfico 16).




Gráfico 16: Cupos e capturas do paspallá

A CAZA COMO ACTIVIDADE DEPORTIVA

Independentemente da importancia da actividade cinexética como tal, a actividade deportiva tamén ocupa un notorio lugar, tanto no referente aos éxitos dos deportistas da Selección Galega (e Provinciais), como na participación, e organización de probas, o que ao mesmo tempo contribúen ao adestramento do cazador de cara á época de caza, contribuíndo á prevención de accidentes, e fomentando a actividade deportiva no rural galego.

FGC é a **única entidade autorizada para organizar as competicións oficiais da modalidade de Caza de ámbito autonómico**, competencia delegada pola Xunta de Galicia á FGC.

Anualmente, a Federación Galega de Caza organiza os campionatos autonómicos e provinciais das especialidades deportivas de Arceas, Arco, Cans de Parada, Caza Menor, Cetraría, Compak Sporting, Paxariles, Percorridos de Caza, Raposo, Rastro de Coello, Rastro de Xabaryl, San Huberto, e Field Target, así como a Liga Autonómica de Agility, ademais doutras competicións puntuables para a Copa Galicia, e outras probas abertas da Copa Federación.

1. Calendario 2017.

Durante esta tempada **a FGC organizou e dirixiu técnica e administrativamente 101 campionatos oficiais** (42 provinciais, 15 galegos, 1 de España, 14 probas de Liga, 26 da Copa Galicia, e outras 3 probas oficiais abertas), en total organizáronse **3 competicións máis que na edición anterior**.

O maior número de competicións corresponde á disciplina de *Rastro de Xabaryl e Agility*, con 15 e 14 probas oficiais, respectivamente.

A participación foi de **5.332 deportistas** (700 máis que na tempada anterior), **é dicir máis do 27% dos federados participaron nalgunha competición oficial**.

A media de participación máis alta -respecto ao número de competicións de cadaunha das disciplinas- correspondeu a *Raposo e Paxariños*, cunha media de máis de 257 e 107 participantes, respectivamente; mentres que a máis baixa foi en *Field Target e Arco*, cunha media de 11 e 18 participantes por competición.

Para a organización dos diferentes campionatos oficiais **a FGC mobilizou 666 xuíces e árbitros**, unha media superior a 6 xuíces por competición que xulgaron un promedio de 8 deportistas por proba.

Ademais das competicións oficiais sinaladas no parágrafo 1 deste apartado, **a FGC autorizou a celebración de 71 competicións e adestramentos de carácter social e outras probas abertas de libre participación**, que organizaron as diferentes entidades deportivas de caza federadas, polo que **se sumamos ás probas oficiais estoutro tipo de probas abertas, obsérvase que en Galicia disputáronse durante a tempada 2017 unha media de 3 competicións cada fin de semana (táboa 27 e 28)**.

Especialidade	Nº competicións	Nº participantes	Nº xuíces ou árbitros	Media participantes competición	Media xuíces competicións	Media participantes por xuíz
Agility	14	388	14	27,71	1,00	27,71
Arceas (*)	5	132	132	26,40	26,40	1,00
Arco	5	91	9	18,20	1,80	10,11
Cans de Parada	9	300	29	33,33	3,22	10,34
Caza Menor (*)	5	99	99	19,80	19,80	1,00
Cetraría	6	168	14	28,00	2,33	12,00
Compak Sporting	4	174	11	43,50	2,75	15,82
Paxariles	3	323	9	107,67	3,00	35,89
Percorridos Caza	11	820	37	74,55	3,36	22,16
Raposo (*)	7	1800	200	257,14	28,57	9,00
Rastro Coello	6	338	40	56,33	6,67	8,45
Rastro Xabaril	15	460	37	30,67	2,47	12,43
San Huberto	10	228	33	22,80	3,30	6,91
Field Target	1	11	2	11,00	2,00	5,50
TOTAL	101	5332	666	52,79	6,59	8,01

(*) Nas competicións de caza os participantes inscribíense co xuíz, que acompaña a outro participante que se determina por sorteo

Táboa 27: resumo da participación nas probas da tempada 2017

	Ano 2017
CORUÑA	33
LUGO	15
OURENSE	4
PONTEVEDRA	19
Total	71

Táboa 28: Outras competicións non oficiais autorizadas

1.1 Campionato de España de Percorridos de Caza.

Entre os días 20 ao 23 de xullo de 2017, a Federación Galega de Caza e a SD Rio Sar, acollían novamente a organización dun Campionato de España de Tiro, neste caso Campionato de España de Percorridos de Caza con Pratos, e xa van 6 as ocasións nas que Galicia desenvolve técnica e organizativamente unha competición de tiro deportivo de alto nivel.



No campionato participaron 357 tiradores e tiradoras das 17 Comunidades Autónomas do estado, e tamén tiradores portugueses e ucranianos.

Os tiradores galegos participaron masivamente (55), e subiron ao podio ata en 7 ocasións.

2. Resultados.

2.1 Medalleiro.

No **Anexo I** da presente memoria consta a relación de todos os campións das diferentes probas oficiais (internacionais, nacionais, autonómicos, provinciais, e copa Galicia), así como o Calendario de competicións do ano 2017, entroutra información.

2.2 Podio da Selección Galega.

Durante esta tempada os deportistas da Selección Galega das diferentes especialidades, previamente clasificados nos respectivos Campionatos Galegos, acadaron **21 títulos para o Deporte Cinexético Galego nos Campionatos de España** de Agility, Arco, Caza Menor, Compak, Percorridos, Xabaryl, San Huberto e Paxariles (4 ouro, 7 pratas, e 5 bronce, ademais de 3 cuartos postos e 2 quintos; **e outros 2 ouro no Campionato do Mundo de San Huberto na categoría de Springer tanto en individual como por equipos** (táboa 29, imaxe 3).

Denominación da competición	Podios					Total podios S.G.
	1º	2º	3º	4º	5º	
Cpto España Agility (Castellón)	2	2	1			5
Cpto España Arco (Málaga)		1	1			2
Cpto Semifinal España Caza Menor (Salamanca)		1				1
Cpto España Compak Sporting (Lleida)				1		1
Cpto España Percorridos Caza (Galicia)	2		2	1	2	7
Cpto España Rastro Xabaryl (Asturias)		1		1		2
Cpto España San Huberto (Madrid)		2				2
Cptos España Paxariles (Sevilla)			1			1
Total	4	7	5	3	2	21

Táboa 29: Palmarés da Selección Galega (tempada 2017)





Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA

DEPORTE
GALEGO



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

Deportista	Especialidade	Competición oficial	Lugar	Data	Categoría
Miguel Fornell García (Soc. Neira de Rei) Cari: EVA de FORVELAZ	 San Huberto	Camión Springer en Individual e por Equipos no Cpto do Mundo	Herm (Francia)	28 de outubro de 2017	Spaniel Springer
Jose Manuel Torres Parada (Soc. Río Sar)	 Percorridos Caza	Camión Senior 3 ^o no Cpto España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Senior 3 ^o
Antonio Formoso Barro (Soc. Terra Chá)	 Percorridos Caza	Camión Handisport no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Handisport
Eva González García (Soc. Wexen) Cari: LAIA	 Agility	Camión Toy Xvenil no Cpto de España	Castellón	3, 4, 5 de novembro de 2017	Toy Xvenil
Alejandro Sequero Mtnes (Soc. Tercena) Cari: RON	 Agility	Camión Large no Cpto de España	Castellón	3, 4, 5 de novembro de 2017	Large
Manuel Santomé González (Soc. Tercena) Cari: ED	 Agility	Subcamión Large no Cpto de España	Castellón	3, 4, 5 de novembro de 2017	Large
Alejandro Piñeiro Rúa (Soc. Tercena) Cari: NUBE	 Agility	Subcamión Bonus Class Large no Cpto de España	Castellón	3, 4, 5 de novembro de 2017	Bonus Class-Large
Nicolasa Glez Carradegues (Soc. Uropallo) Cari: CONGA	 San Huberto	Subcamión Donas no Cpto de España	Novas del Rey (Madrid)	10, 11 de setembro de 2017	Donas
Miguel Fornell García (Soc. Neira de Rei) Cari: COCA	 San Huberto	Subcamión Springer no Cpto de España de Caza	Novas del Rey (Madrid)	10, 11 de setembro de 2017	Spaniel Springer
José M. Fernández Fdez (Soc. Baleira) Cari: PIRULO	 Xabari	Subcamión no Cpto de España	Grado (Asturias)	30 de xuño e 1 de xullo de 2017	Xeral
Jorge Vázquez Iglesias (Soc. Caldeas) Cari: MUSA	 Caza Menor	Subcamión da Semifinal Norte no Cpto de España	La Fregueneda (Salamanca)	25 de novembro de 2017	Xeral
Dolores Bugarin Codesada (Soc. Cazarco)	 Percorridos Arco	Subcamión de Donas Asistido no Cpto España	Archidona (Málaga)	3 de decembro de 2017	Donas Asistido
Equipo Sociedade Río Sar	 Percorridos Caza	3 ^o Clasificado Equipo Clubs no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22 e 23 de xullo de 2017	Equipos
Lee Ramsdale (Soc. Cazarco)	 Percorridos Arco	3 ^o Clasificado Arco Tradicional no Cpto de España	Archidona (Málaga)	3 de decembro de 2017	Arco Tradicional
Miguel Ángel Ares Ares (Soc. A Faisca)	 Pesarires	3 ^o Clasificado Mixto Liñaceiro no Cpto de España	Aznalcóilar (Sevilla)	10, 11 de xuño de 2017	Mixto Liñaceiro
Elsa González Santiago (Soc. Meizosans) Cari: LOLA	 Agility	3 ^o Clasificado Large Xvenil no Cpto de España	Castellón	3, 4, 5 de novembro de 2017	Large Xvenil
Daniel Cebreiro García (Soc. Río Sar)	 Percorridos Caza	3 ^o Clasificado Senior 2 ^o no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Senior 2 ^o
Francisco Rodeiro Eiras (Soc. Tourro) Cari: RATO	 Xabari	4 ^o Clasificado no Cpto de España	Grado (Asturias)	30 de xuño e 1 de xullo de 2017	Xeral
Daniel Cebreiro García (Soc. Río Sar)	 Compak Sporting	4 ^o Clasificado Senior 2 ^o no Cpto de España	Port Aín, Riap (Lleida)	16, 17, 18 de xuño de 2017	Senior 2 ^o
Martin Baquero Villafines (FGC Po)	 Percorridos Caza	4 ^o Clasificado Senior 3 ^o no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Senior 3 ^o
Mercedes Saavedra Suárez (Soc. Río Sar)	 Percorridos Caza	5 ^o Clasificada Donas no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Donas
José González Rodríguez (Soc. Riotorto)	 Percorridos Caza	5 ^o Clasificado Superveteranos no Cpto de España	Chalán-Trazo (Coruña)	20, 21, 22, 23 de xullo de 2017	Superveteranos

Imaxe 3: Podio da Selección Galega (tempada 2017)

3. Área técnica.

A área técnica da FGC intégrana 21 monitores de arco, 19 adestradores de tiro, e 537 xuíces e árbitros, que son os responsables de velar polo cumprimento dos regulamentos e normativa de competición durante o desenvolvemento das diferentes probas deportivas oficiais (táboa 30).

Especialidade Deportiva	Xuíces e Árbitros		Adestradores		Monitores		TOTAL		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Xuíces e Árbitros	Adestradores	Monitores
Tiro (percorridos e compak)	118		19				118	19	0
Rastro (xabaril e coello)	186	7					193	0	0
Paxariles	5						5	0	0
Arco	29	1			19	2	30	0	21
Cetraría	22	2					24	0	0
Agility	15	4					19	0	0
Cans (parada e san huberto)	140	8					148	0	0
TOTAL	515	22	19	0	19	2	537	19	21

Táboa 30: Xuíces e técnicos da FGC (tempada 2016)

FORMACIÓN:

1. *Curso de Formación de Xuíces e Agility.*

O Centro Cultural Camoesa de Nigrán (Pontevedra), acollía a 1ª edición do **Curso de Formación de Xuíces da disciplina de Agility**, que superaban 9 alumnos dos 12 inscritos.



2. *Cursos de Prevención da Siniestralidade (Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios), e Cursos de Formación de Responsables de Sociedades.*

Se a formación é importante en todos os aspectos da vida, cando se trata de previr a siniestralidade é esencial, máxime cando utilizamos armas de fogo que poden poñer en perigo a vida dos nosos compañeiros de cazaría pero tamén a nosa. Por iso, a pesar de que os datos –como se verá ao longo desta memoria- poñen de manifesto que a participación nos Cursos de **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** foi considerable, para a FGC isto non é suficiente, de pouco serve que nos formemos uns cuantos se os compañeiros cos que compartimos as nosas xornadas de caza actúan con imprudencia por falta de coñecementos. A educación en materia de prevención e seguridade pero tamén saber como auxiliar a un ferido debería ser primordial, e neste sentido o **Responsable de Cazaría** xoga un papel determinante, non debemos esquecer que os accidentes máis graves prodúcense durante as accións de caza colectiva de caza maior, por iso debemos empezar a pensar que coa recomendación de facer os cursos non basta, **as responsabilidades ás que pode verse abocado o Responsable de Cazaría ben merecen unha reflexión sobre a necesidade da súa formación continua tanto en Seguridade como en Organización de Cazarías para evitar accidentes.**

Impartíronse cursos e xornadas formativas sobre **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios** e **Formación de Responsables de Sociedades** nas catro provincias galegas, nos que participaron 526 cazadores.

Durante o desenvolvemento das xornadas formativas, **co obxecto de tentar mellorar as actividades formativas e coñecer a opinión e suxerencias dos alumnos participantes**, a FGC pasou unha enquisa a **todos os asistentes**, solicitándolle que responderan obxectivamente a unha serie de cuestións relacionadas coa formación impartida. As enquisas eran anónimas pero aínda así para facilitar a independencia na resposta instalábase unha urna na que os participantes dos diferentes cursos ían depositando a súa enquisa.

Dos 436 alumnos que asistiron aos cursos exceptuando os de Alfoz e Monforte porque neles non se pasou a enquisa, **participaron na enquisa de avaliación 325, é dicir o 75% dos asistentes manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida.**

Nos cursos de **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**, os relatorios cos que **os alumnos amosaron maior satisfacción foron**, por esta orde, **as Normas de Seguridade, os Primeiros Auxilios, e a Lexislación**; mentres que nos cursos de **Formación de Responsables de Sociedades de Caza** foron a **Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos, a Lexislación e Responsabilidade dos Directivos, os Seguros de Responsabilidade Civil do Cazador, e por último as Comunicación co Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, libros, contabilidade e tributos.**

2.1 Temario.

Os cursos tiñan unha duración de 4 horas, durante as que se impartían as materias que se citan no apartado seguinte, e concluían cunha mesa redonda na que interactuaban relatores de alumnos:

a) Contidos:

✓ *Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios:*

I. SEGURIDADE NAS CAZARÍAS (2,00 h)

1. Normas de Seguridade na caza
2. A seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte
3. A organización de batidas e as medidas de seguridade para evitar accidentes
4. Lexislación relacionada coa organización e seguridade nas cazarías.

II. PRIMEIROS AUXILIOS (1,00 h.)

1. Actuación ante un accidente de caza
2. Actuación ante outro tipo de accidentes e enfermidades común
3. Actuación ante un accidente do can
4. O botiquín do cazador

III. MESA REDONDA: Siniestralidade, prevención, e primeiros auxilios (1,00 hora)

✓ *Formación de Responsables de Sociedades:*

I. XESTIÓN INTERNA E ADMINISTRATIVA DUNHA ENTIDADE ASOCIATIVA (1,30 horas)

1. Lexislación: Lei do Deporte de Galicia, Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas, os estatutos das entidades, o regulamento de réxime interno e disciplinario das sociedades, os socios (clases, admisión, dereitos e expulsión), as convocatorias de asembleas, os procesos electorais, a responsabilidade administrativa da entidade, e a lei de protección de datos.
2. As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas e coa Federación: Actos e datos que deben inscribirse no Rexistro, prazo de comunicación, formularios, libros obrigatorios e dilixencia dos mesmos, contabilidade, soporte documental, e tributos.
3. As responsabilidades dos directivos, e os seguros de responsabilidade civil.

II. XESTIÓN E APROVEITAMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS CINEXÉTICOS (1,30 horas)

1. Lexislación cinexética: Lei de caza, orde de vedas, lei de incendios, sinalización de tecores, e rede natura.
2. A comunicación coa Administración Cinexética: Plan de Ordenación Cinexético (POC), Plan de Aproveitamento Cinexético (PAC), solicitudes de repoboacións, solicitudes de cazarías, comunicación de resultados, e relación de cazadores.
3. Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos: As repoboacións, os desbroces, a limpeza de montes, os cortalumes, as sementeirás.

III. MESA REDONDA; Xestión interna e aproveitamento sostible (1 hora)

b) Coordinadores e Relatores:

✓ Coordinadores:

A coordinación dos cursos corría a cargo dos seguintes responsables:

COORDINADORES	CURSOS	CARGO
Bolaño Pampín, Emilio	Cursos de A Coruña (Porto do Son e Arteixo)	Vocal da FGC
Castro Rivela, José	Cursos de Ourense (Pereiro de Aguiar)	Vocal da FGC Ourense
Couselo Castiñeira, Francisco	Cursos de Pontevedra (Marcón)	Presidente Provincial da FGC Pontevedra
López Penela, Francisco	Cursos de Lugo (Alfoz, Monforte, e Lugo)	Presidente Provincial da FGC Lugo

✓ Relatores:

Os diferentes temas abordados foron impartidos por 20 relatores especialistas nas distintas materias:

PONENTES	CARGO	RELATORIO (Ponencia)
Andrade Expósito, Dario	Técnico de Caza da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas, cazador	Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos
Bello Giz, Antonio	Profesor, experto en organización de cazarías, cazador	Seguridade nas cazarías
Carril Carrillo, José Ramón	Experto en tecnoloxía da caza, responsable de Remanso, cazador	Colares localizadores. Tipos
Civeira Pérez, Verónica	Diplomada en enfermaría	Primeiros Auxilios
Díaz Fernández, M ^a Carmen	ATS, cazadora	Primeiros Auxilios
Díaz Fernández, Silvia	Médico, cazadora	Primeiros Auxilios
Freire Ares, José Andrés	Vicepresidente da FGC Coruña, Presidente da Sdade Xabarín, profesor, cazador	Axestión interna de unha sociedade
Gómez Pérez, Francisco J.	Diplomado en enfermaría	Primeiros Auxilios
González Justo, M ^a Teresa	Avogada, experta en lexislación cinexética e deportiva, Asesora Xurídica da FGC	Lexislación
Lage Pérez, Jaime	Axente do Seprona, Garda Civil, cazador	Seguridade nas cazarías, armas e municións
Lago Lusquiños, Álvaro	Tnte Xefe Seprona Pontevedra	Armas e municións

PONENTES	CARGO	RELATORIO (Ponencia)
Montoiro González, José A.	Veterinario, ATS, cazador	Primeiros Auxilios
Nodar Real, Manuel	Técnico de Caza da Xefatura Territorial de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de Lugo	Xestión e aproveitamento sostible dos recursos cinexéticos
Nogueira Diz, Javier	Presidente da FGC, Consejero de Auditoria Interna de Mutuasport, cazador	Os seguros de responsabilidade civil
Rey Cotelo, M ^a Luz	Xefa de Administración da FGC	As comunicacións co Rexistro de Entidades Deportivas, os libros obrigatorios, contabilidade, e tributos
Valencia Salgado, Aquilino	Axente medioambiental	Seguridade na caza
Vázquez Méndez, Hilda	Xefa Administrativa da FGC Lugo	Os seguros de responsabilidade civil
Vidal Lamela, José Manuel	Secretario Xeral da FGC Lugo, cazador	Os seguros de responsabilidade civil
Vila Torreira, Emilio	Experto en caza maior, cazador	Lexislación
Villamil Hermida, José L.	Suboficial interventor de Armas da Cmd ^a Garda Civil de Pontevedra	Armas e municións

c) Calendario:

✓ **ALFOZ (13 de maio), Xornada de Formación e Seguridade na Caza.**

Na xornada formativa celebrada no centro sociocultural de Alfoz, en Alfoz (Lugo), o 13 de maio, participaban 59 cazadores.

Actuaban de relatores: M^a Teresa González Justo, Jaime Lage Pérez, José Ramón Carril Carrillo, José M. Vidal Lamela, Hilda Vázquez Méndez, e Manuel Nodar Real.



✓ **MONFORTE (29 de xullo), Xornada de Formación e Seguridade na Caza.**

A xornada formativa de Monforte, tiña lugar na Escola de Capacitación Agraria, en Monforte de Lemos (Lugo), o 29 de xullo, e nela participaban 31 cazadores.

Os relatores foron: M^a Teresa González Justo, Jaime Lage Pérez, José Manuel Vidal Lamela, e Hilda Vázquez Méndez



✓ **PONTEVEDRA (29 de setembro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades.**

A Casa de Comunidade de Montes de Marcón, acollía o 29 de setembro o primeiro curso celebrado nesta edición na Provincia de Pontevedra, ao que asistían 59 representantes de sociedades de caza.

Ao acto inaugural asistía a Secretaria Xeral para o Deporte Marta Míguez, que destacou o labor da FGC, con preto 20.000 licenzas federativas que fan que sexa a segunda federación con máis fichas en Galicia *"ese é o deporte que queremos, un deporte que conviva en paz e harmonía coa natureza, co noso contorno e coa nosa sociedade"*, sinalou.

Os diferentes relatorios corrían a cargo de Javier Nogueira Diz, M^a Teresa González Justo, Dario Andrade Expósito, e Luz Rey Coteló.



✓ **PORTO DO SON (6 de Outubro), Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.**

O primeiro curso que se desenvolvía na provincia de A Coruña, tiña lugar na Casa da Cultura da localidade de Porto do Son, o día 6 de outubro, e nel participaban 65 cazadores.

Actuaban de relatores: Antonio Bello Giz, M. Teresa González Justo, e José A. Montoiro González.



✓ **PEREIRO DE AGUIAR (7 de Outubro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza, e Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.**

O 7 de outubro a cita era na localidade ourensana de Pereiro de Aguiar. Pola mañá desenvolvíase o Curso de *Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, ao que asistían 33 cazadores, e pola tarde tiña lugar o Curso de *Formación de Responsables de Sociedades de Caza*, no que participaban 26 representantes de entidades de caza.

Os relatorios corrían a cargo de Aquilino Valencia Salgado, Emilio Vila Torreira, Francisco J. Gómez Pérez, Verónica Civeira Pérez, M^a Teresa González Justo, e Dario Andrade Expósito.



✓ **PONTEVEDRA (20 de Outubro), Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.**

A Casa da Comunidade de Montes de Marcón en Pontevedra, acollía o 20 de outubro o curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios, no que participaban 84 cazadores.

Os relatores foron: Jaime Lage Pérez, José L. Villamil Hermida, Álvaro Lago Lusquiños, M^a Teresa González Justo, Silvia Díaz Fernández, e M^a Carmen Díaz Fernández.



✓ **ARTEIXO (27 de Outubro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza.**

O 27 de outubro, no Centro sociocultural de Meicende, en Arteixo, tiña lugar o curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza da provincia de A Coruña, no que participaban 64 dirixentes de entidades de caza.

Actuaban de relatores: José A. Freire Ares, M^a Teresa González Justo, e Darío Andrade Expósito.



✓ **LUGO (3 de Novembro), Curso de Formación de Responsables de Sociedades de Caza, e Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.**

Coincindo coa celebración do Curso desenvolvido no Hotel Méndez Núñez, en Lugo, o 3 de novembro, ao que asistiron 105 persoas entre cazadores e representantes de sociedades de caza, dábase por clausurado o calendario formativo da FGC correspondente ao ano 2017. No acto participaba a Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Margarita López, que animaba aos cazadores a seguir formándose.

Os relatorios deste último curso corrían a cargo de Jaime Lage Pérez, M^a Teresa González Justo, Manuel Nodar Real, Silvia Díaz Fernández, Carmen Díaz Fernández, José Manuel Vidal Lamela, Hilda Vázquez Méndez, e Luz Rey Coteló.



A ACTIVIDADE DA ASESORÍA XURÍDICA:

Os cazadores e as sociedades de caza federadas dispoñen dunha asesoría xurídica gratuíta a cargo dunha experta avogada en lexislación e normativa cinexética e deportiva.

1. Tipo de asesoramento.

O asesoramento xurídico abarca todo tipo de consultas e informes sobre aspectos legais no eido administrativo, cinexético e deportivo: contestación a consultas formuladas polos federados, alegacións a denuncias de caza, contestación a consultas de sociedades, revisión de estatutos e regulamentos internos, conflitos entre socios e sociedades, asesoramento nos procesos electorais, etc. etc..

De cada 10 trámites realizados polos servizos xurídicos máis de 5 corresponden a asesoramento a sociedades e federados, incluídos os expedientes disciplinarios, e as achegas a denuncias de caza formuladas contra ambos.

Os informes técnicos realizados polo gabinete xurídico a petición da Federación (Lei de Benestar Animal, Canceiras, Transporte de animais, Eleccións Provinciais, Orde Electoral, Competicións, etc.), xunto cos trámites nos tribunais (recurso de casación, retirada de recursos contra a RFEC tralo acordo de reintegración, etc.), tamén ocuparon boa parte do labor da asesoría, que pechaba este ano cun volume de 737 trámites, ou o que é o mesmo unha media de máis 2 informes diarios (gráfico 17).




Gráfico 17: Trámites da asesoría xurídica (ano 2017)

2. Evolución das xestións xurídica, período 2013-2017.

Durante o último lustro a asesoría xurídica emitiu unha media de máis de 721 informes anuais. Deles máis do 60% correspondían a informes externos e alegacións a denuncias realizadas a petición das sociedades e dos federados (táboa 31).

Tipo de trámite	2017	2016	2015	2014	2013	Media informes 2013-2017
Informes xurídicos a Sdades: estatutos, consultas, eleccións, mediación, etc	160	195	215	163	188	184,20
Informes xurídicos a cazadores: consultas, mediación, etc.	100	123	130	136	50	107,80
Achegas a Exptes denuncias de caza	95	94	157	146	143	127,00
Informes Exptes Disciplinarios Sdades	36	27	39	24	6	26,40
Outros informes	323	243	161	272	179	235,60
Tribunais, CGXD, outros	23	81	99	0	0	40,60
TOTAL	737	763	801	741	566	721,60

Táboa 31: Evolución dos trámites xurídicos (período 2013-2017)

AS EMISORAS DE RADIOFRECUENCIA COMO FERRAMENTA DE SEGURIDADE

O uso de aparellos de radiofrecuencia (emisoras) durante a práctica da caza é unha ferramenta de seguridade para os cazadores, que reduce notablemente o risco de accidentes. De feito nos últimos anos vense constatando que o uso deste tipo de dispositivos na actividade cinexética, ademais de ofrecer unha maior coordinación e comunicación entre os participantes de cacerías colectivas, tamén minora o número de incidentes e accidentes.

1. As emisoras de radiofrecuencia e o seu ámbito.

Para que os cazadores poidan utilizar legalmente este tipo de aparellos, a FGC conta coa autorización de Telecomunicacións para o uso privativo do dominio público radioeléctrico para a actividade cinexética nas provincias de A Coruña, Ourense e Pontevedra, e desde o pasado 2014 ten a cesión temporal da rede de Lugo mediante convenio subscrito coa Asociación Lucense de Caza que é a titular da mesma, co que na actualidade a rede da FGC dispón de 25 frecuencias autorizadas para o uso dos federados.

Durante o ano 2017 máis da metade dos federados (54,39%) empregaban emisoras legalizadas coas frecuencias da federación. Deles o 58% (6.176) elixiron licenza de uso provincial fronte ao 42% (4.533) que escolleron a licenza autonómica para poder empregar as emisoras en todas as provincias (gráfico 18).




Gráfico 18: Tipo de emisoras autorizadas, por provincias (ano 2017)

2. Evolución de licenzas de uso de emisoras, período 2014-2017.

Desde a posta en marcha da licenza de emisora de uso autonómico no ano 2014, os federados foron transformando maioritariamente as súas licenzas provinciais en autonómicas, agás na provincia de Lugo onde son maioritariamente de uso provincial (táboa 32)



	2017		2016		2015		2014	
	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais	Licenzas uso Emisoras Autonómicas	Licenzas uso Emisoras Provinciais
Coruña	2061	832	1992	891	1808	925	1471	1054
Lugo	413	4871	358	4173	299	4411	359	4942
Ourense	906	232	1132	23	1143	38	889	315
Pontevedra	1153	241	1011	241	909	300	643	319
TOTAL	4533	6176	4493	5328	4159	5674	3362	6630

Táboa 32: Licenzas de uso de emisoras, según ámbito de autorización e provincias(período 2014-2017)

O CLUB DE DESCONTOS, EXCLUSIVO PARA FEDERADOS

O *Club de Descontos Exclusivo para Cazadores Federados* ten por obxecto **facilitar aos cazadores federados as mellores ofertas nos artigos e servizos que precisen para a práctica da actividade cinexética ou actividades relacionadas con ela**, e ao mesmo tempo abre a posibilidade, a tódalas empresas e establecementos vencellados á caza, de agruparse a través del para ofrecer os seus produtos, xerando así unha importante corrente de oferta e demanda, ao tempo que **pon en valor as prestacións da licenza federativa autonómica**.

Durante este ano producíronse 5 novas altas, e causaron baixa 4 establecementos; **rematando o ano con 80 establecementos asociados**. Deles, 46 ubícanse na provincia de A Coruña, 7 na Lugo, 8 na Ourense, e 16 na de Pontevedra, pero tamén hai 1 de ámbito autonómico, e 2 de fora da CCAA

1. Tipo de establecementos que ofrecen descontos aos federados.

Ao analizar os establecementos pola actividade que desenvolven, obsérvase que **máis da metade deles, un 56%, son centros psicotécnicos** e clínicas médicas, situándose a continuación as clínicas veterinarias e perruquerías caninas (11%), pero tamén hai armerías, tendas de deportes, e tendas especializadas en aparatos de radiofrecuencia; clínicas de fisioterapia, establecementos de alimentación canina, servizos de caza e ambientais, hoteis, restaurantes, gasoleiras, e xestorías, entroutros (*táboa 33*).

Tipo de establecemento	Nº Establecementos	%	Nº establecementos	
Psicotécnicos, clínicas médicas e dentais	45	56,25	Coruña	46
Coidados cans (veterinarios, perruquerías)	9	11,25	Lugo	7
Clínicas de fisioterapia	5	6,25	Ourense	8
Armerías, deportes e tendas especializadas	7	8,75	Pontevedra	16
Caza e actividade ambiental	3	3,75	Outros	3
Alimentación canina	2	2,5		80
Hoteis, restaurantes, gasoleiras	6	7,5		
Outros (asesorías, informática, trofeos)	3	3,75		
	80			

Táboa 33: Establecementos Club Dtos. por tipo de establecemento e provincia (ano 2017)

Cada mes, na *Revista Galicia Cinexética* actualízanse os establecementos adheridos, e na páxina web da FGC póñense ao día permanentemente tanto os establecementos como as tarifas de desconto especial que estes aplican aos federados nos diferentes produtos, artigos e servizos que ofrecen.

2. Evolución do club de descontos, período 2012-2017.

O Club de Descontos pasou **dos 32 establecementos adheridos no ano 2012 aos 80 actuais** (táboa 34).

	2017	2016	2015	2014	2013	2012
Psicotécnicos, clínicas médicas e dentais	45	42	41	36	25	19
Coidados cans (veterinarios, perruquerías)	9	11	11	11	8	5
Clínicas de fisioterapia	5	4	4	4	1	1
Armerías, deportes e tendas especializadas	7	8	8	8	8	3
Caza e actividade ambiental	3	2	2	2	3	1
Alimentación canina	2	2	2	3	2	1
Hoteis, restaurantes, gasolineiras	6	5	3	1		
Outros (asesorías, informática, trofeos)	3	5	4	5	3	2
	80	79	75	70	50	32

Táboa 34: Evolución dos establecementos adheridos (período 2012-2017)

A COMUNICACIÓN DA FGC COS SEUS AFILIADOS

Un dos aspectos máis importantes para a FGC é a comunicación e transparencia, no seu afán de trasladar ao colectivo de cazadores en xeral, e principalmente aos federados, toda a información que xera a actividade e particularmente aquelas noticias que pola súa dimensión e importancia poidan afectar directamente aos cazadores ou ás sociedades de caza.

En plena era das redes sociais, co correo postal practicamente en desuso, a FGC elixe cada vez máis as novas tecnoloxías para comunicarse puntualmente cos seus afiliados, para elo conta coa páxina web www.federaciongalegadecaza.com e coa súa revista *Galicia Cinexética*, pero tamén coas redes sociais facebook e twitter, co correo electrónico, e cos mensaxes de texto (sms), e recentemente ven de incorporar tamén a todas ás súas sedes un número de teléfono con wassap.

1. Páxina web:

www.federaciongalegadecaza.com



1.1 As redes sociais dosifican as visitas á web.

Con **73.234 visitas absolutas no ano 2017**, a afluencia de visitantes reduciuse nun 14,2% respecto ao ano anterior, o que o sitúa nos datos do ano 2010. Esta baixada explícase coa subida das visitas nas redes sociais, onde os seguidores soen seleccionar só aquelas novas ou informacións que lle interesa ver, e só teñen que acceder á web cando estas informacións son publicadas, en lugar de visitar a diario a web para consultar se hai informacións interesantes (gráfico 19).



Gráfico 19: Evolución visitas web, período 2008-2017

Este ano por primeira vez a sección de Competicións rouboulle o protagonismo ao Taboleiro de Anuncios, tradicionalmente a máis visitada, que en 2017 foi a segunda. O apartado de lexislación mantén o terceiro posto, e especialmente a sección do "Exame do Cazador", que segue a ser a sección específica máis visitada da web, con preto de 4000 visitas (gráfico 20).



Gráfico 20: As seccións máis visitadas

1.2 O móbil mantense como principal dispositivo.



Tras un constante crecemento, o móbil convertérase en 2016 no principal dispositivo de acceso á web da FGC. **Este ano, o móbil mantense como o principal medio de acceso á páxina web, e segue a baixar o acceso dende ordenadores.** Un 57,7% das visitas efectuáronse con smartphones, mentres que un 38,6% foron dende un ordenador. O 3,7% restante das visitas chegaron dende unha tableta, polo que sumando ambos tipos de dispositivos móbiles obtemos un 61,4% das visitas totais.

Sen dúbida a inmediatez de acceso mediante esta plataforma facilita que cada vez tome maior protagonismo (gráfico 21).




Gráfico 21: Modos de acceso á web (ano 2017)

1.3 As principais poboacións galegas, orixe de visitas.

As grandes capitais, tanto galegas como españolas, seguen a ser as que concentran o maior volume de tráfico cara á web da FGC. Novamente **A Coruña segue liderando a táboa de poboacións galegas visitantes co 14,66% do tráfico**, aínda que destaca este ano a capital nacional cun primeiro posto e o 26,92% das visitas totais. Este feito pode darse non só pola afluencia real de visitantes dende esta comunidade, senón tamén porque moitos usuarios de Internet son identificados pola capital do seu país cando non se pode detectar a súa orixe real.

Polo demais, as principais poboacións galegas seguen a ser as que máis vistas aportan á web da Federación.



1.4 Google segue a ser o referente nas visitas.



Pese a que o buscador **Google segue a ser o gran referente, manténdose no 48,52% das visitas** que chegan á páxina web da Federación, as redes sociais seguen a aumentar a súa influencia no tráfico da páxina federativa (gráfico 22).




Gráfico 22: Orixe das visitas (ano 2017)

De entre as redes sociais, **Facebook segue a ser a primordial, aportando xa o 22% do total das visitas**. Neste senso, hai que destacar a cada vez máis frecuente publicación de contidos na páxina de Facebook da FGC, que **contaba, a 31 de decembro de 2017, con 2802 seguidores**.



Aínda que de xeito moito máis tímido, o cazador galego tamén comeza a usar cada vez máis a segunda gran rede social: Twitter. Proba delo é que **o perfil da FGC nesta rede xa contaba con 900 seguidores** a 31 de decembro de 2017, se ben estes seguidores no están tan activos nin aportan tantas visitas aos contidos da web federativa como Facebook.

1.5 Seguros e emisoras, os termos máis buscados.

Polas procuras no buscador da páxina web, podemos facernos unha idea das principais dúbidas e intereses dos cazadores, e aquela información que buscan na nosa web (gráfico 23).



Gráfico 23: Termos máis buscados (ano 2017)

Destaca que a palabra “seguros” se converta por primeira vez na máis buscada, o cal pode confirmar a cada vez maior preocupación dos visitantes polos seguros de caza e concretamente os que oferta a Federación Galega de Caza.

Tamén o termo “emisoras” e “zonas libres” seguen como sempre entre os primeiros, se ben destaca a presenza de “agility” como unha das principais procuras dos visitantes.

1.6 Certificado SSL: maior privacidade e novas posibilidades.



Dende abril de 2017 a páxina web da Federación Galega de Caza ten instalado un certificado de SSL EV de máxima seguridade. Este certificado asegura que **a información que os usuarios da páxina web transmitan entre os seus ordenadores ou móbiles e o servidor onde se aloxa a web da FGC se cifran coa maior seguridade posible** hoxe en día na rede, evitando que hackers ou outros usuarios mal intencionados poidan interceptar datos persoais.

Trátase dun complemento que hoxe en día é practicamente imprescindible en calquera páxina web, especialmente en aquelas nas que se recollen datos persoais dos visitantes, como sucede na web da FGC.

Este certificado de privacidade non só foi unha mellora en si mesma senón que **permitiu incorporar outra novidade á paxina web**, que ata agora non era posible: unha pasarela de pago online.

Tralo acordo con ABanca, **a FGC incorporou á súa páxina web unha pasarela de pago segura** mediante a cal os usuarios poden pagar de xeito inmediato cando solicitan unha licenza ou seguro federativo online. Isto repercute nunha maior comodidade para o usuario, e mesmo para o persoal da Federación, **axilizando así o trámite** da licenza ou seguro, ao non ter que agardar pola transferencia, único modo de pago ata entón.



Proba de que esta medida foi ben acollida polos usuarios da web é que, **dende que se activou a pasarela de pago, no mes de xuño, o 47,6% das solicitudes de licenzas ou seguros federativos realizados a través da páxina web foron pagados mediante este sistema**, e é de esperar que no 2018 esta porcentaxe sexa aínda maior.

2. Revista “Galicia Cinexética”.



No 2017, a revista **Galicia Cinexética**, editada pola Federación Galega de Caza, mantivo a súa edición mensual realizando 12 publicacións comprendidas entre os meses de xaneiro a decembro, números do 96 ao 107.

Neste período, Galicia Cinexética mantivo o seu carácter informativo e de formación para o cazador galego. Facéndose eco de todas aquelas novas relacionadas co sector cinexético na Comunidade Autónoma así como de toda a axenda de traballo e competicións levadas a cabo pola Federación Galega de Caza neste período de tempo.

Galicia Cinexética seguiu contando cos soportes tecnolóxicos, mantendo a súa páxina web galiciacinexetica.com e estando con máis presenza e actividade nas redes sociais co seu perfil en Facebook.



As páxinas de **Galicia Cinxética**, ao igual que en anos anteriores, foron un soporte publicitario para todos aqueles particulares e pequenas empresas relacionadas coa caza.

No pasado ano, esta publicación mantivo unha estreita relación coas sociedades de caza, recollendo nas súas páxinas todos aqueles eventos e actos que levaron a cabo. Mostra deste estreito vínculo son as ofertas especiais que Galicia Cinxética ofrece para estas Sociedades, así como a entrega gratuíta mes a mes de exemplares de Galicia Cinxética.



O trato directo cos cazadores por parte de **Galicia Cinxética** fíxose patente mes a mes, sendo esta publicación un soporte onde os apaixonados da caza teñen o seu espazo; ademais de recibir mensualmente de xeito gratuíto a revista dixital a través do seu correo electrónico.

3. Programas especializados outros medios de comunicación.



